

O regreso polas Fisterras Atlánticas

PACO LÓPEZ-BARXAS

Fisterras Atlánticas
Finisterres Atlánticos
Atlantic Finisterres

Antonio Raúl de Toro Santos
José Miguel Alonso Giraldez



MM
MEDULIA

FISTERRAS ATLÁNTICAS
ANTOLOXÍA A CARGO DE AN-
TONIO RAÚL DE TORO E JOSÉ
MIGUEL ALONSO GIRÁLDEZ
Editorial Medulia

Como druidas á imaxe e semellanza de Amergin, Antonio Raúl de Toro e José Miguel Alonso Giraldez —bos coñecedores

da literatura galega e irlandesa— amósannos en "Fisterras Atlánticas" unha selección de 22 poetas galegos e 17 irlandeses, que teñen nas augas do litoral Atlántico a pila bautismal e identitaria dos seus respectivos territorios. A orixe desta antoloxía está, como nos fan saber os autores, na súa participación no Festival de Sosticio, que se celebra no condado de Kerry cada mes de xuño, como representantes do "Instituto universitario de estudos irlandeses" da Universidade da Coruña, e que toma o nome do bardo milesio de Amergín. Un encontro no que adquire un especial protagonismo Paddy Bushe, poeta e traductor da "Canción de Amergin", ademais de autor do fermoso poema incluído nesta selección, "Resposta de Scéine a Emergin".

É sabido que toda antoloxía constitúe un síntoma de tendencias estéticas (por veces estáticas), que permite esclarecer o curso da sensibilidade literaria dun tempo determinado. Deste xeito, "Fisterras Atlánticas" ven ser unha escolma de poetas contemporáneos e actuais

"Un encontro no que aA orixe desta antoloxía está, como nos fan saber os autores, na súa participación no Festival de Sosticio, que se celebra no condado de Kerry cada mes de xuño, como representantes do "Instituto universitario de estudos irlandeses" da Universidade da Coruña, e que toma o nome do bardo milesio de Amergín"

na que, por parte galega, prima o gusto dos antólogos polos integrantes do coñecido Batallón literario da Costa da Morte (Marilar Aleixandre, Rafa e Miro Villar, Modesto Fraga, Xosé Manuel Lema, Alexandre

Nerium...) aos que se suma Martín Veiga, que navega entre dúas terras (non entre dúas augas), e o resto de poetas galegos que, por circunstancias vitais ou xeográficas, teñen no Atlántico o protagonista dos seus versos, aínda que o mar sexa coma nos poemas de Lupe Gómez ou Xulio L. Valcárcel, por exemplo, o escenario no que se desenvolve o relato de amor filial, na primeira, e de amor erótico no segundo.

De igual modo navegan felizmente por estas augas, dentro do mesmo barco, os poetas irlandeses seleccionados, entre os que se atopa o xa referido Paddy Bushe, así como Theo Dorgan, Alannah Hopkin, Lorna Shaughnessy, Bernard O'Donoghue, entre outros, ademais do Premio Nobel de Literatura Seamus Heaney (1939-2013), tal vez o poeta irlandés máis importante desde Yeats. A escolma péchase con un texto do escritor e historiador irlandés, Michael J. Carroll, no que recrea, con sinxela prosa poética, unha das primeiras chegadas dos barcos galegos ao porto de Bantry. En definitiva voces distintas e dispares, pero que disparan ao unísono, eso sí, ao corazón do Atlántico nunha antoloxía a que lle queda moitas millas de singradura polo mar das afinidades culturais entre Galicia e Irlanda. O que non é pouco.